

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e oito de outubro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto cuarto da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense <http://videoacta.depourense.es>

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2016.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de setembro de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 30 de setembro de 2016 é aprobada por unanimidade.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

**2º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO SOCIALISTA, DEMOCRACIA OURENSANA E BNG SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra aos grupos para que expoñan o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG**, na súa primeira quenda de intervención indica que se trata dun tema recorrente, e que levou aos tres grupos a presentar esta moción conxuntamente para tratar de normalizar unha situación anormal que acontece nesta Deputación co tratamento das mocións dos grupos da oposición. Indica que o tratamento que o plenario lle dá ás mocións dos grupos en canto á súa tramitación non é o que debería ser segundo a lóxica democrática e parece que, como se indicou na comisión informativa, o grupo maioritario de goberno non ten intención de mudar esta situación e de aceptar a modificación proposta o que se enmarca na situación que se ven vivindo nestes derradeiros meses na institución, dende o “affair” do presidente que o mantén enleado nos tribunais. Desde ese intre nesta casa rachouse cunha forma de funcionar que dende había anos se viña empregando e que levou á adopción de medidas como o da limitación do aforo do salón de plenos ou a de ter que presentar as mocións antes das comisións informativas, cousa que non se aplica o grupo de goberno coas emendas, e que adoita presentar incluso no día de celebración do propio pleno, en lugar de predicar co exemplo. Independentemente disto indica que a proposta é lóxica e é similar á que se practica noutros parlamentos, polo que lle estraña a cerrazón do grupo de goberno neste asunto, e que consiste en que se un grupo presenta unha proposta de acordo sobre un determinado asunto, se outro grupo pretende modificar ou emendar esta, debe ser o grupo propoñente o que teña a última palabra e decida se as modificacións propostas deben ou non ser introducidas na proposta de acordo que se someterá a votación. Remata sinalando que parece ser que nesta casa esta situación anormal se vaise manter grazas ao grupo de goberno, cuestión que lamentan profundamente.

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, comeza sinalando igualmente que é un tema recorrente e que, se non lle falla a memoria, ata o presidente deste pleno nalgunha ocasión tiña manifestando que lle parecía cando menos raro a forma en que nesta cámara se tramitaban as emendas, facendo algunha comparación co

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

parlamento galego. Lembra que esta iniciativa en forma de moción parte do grupo provincial socialista, facendo aportacións e adheríndose a ela os restantes grupos da oposición (DO e BNG), polo que debe ser o grupo socialista o que a expoña, adscribíndose o seu grupo á exposición que deste asunto se faga polo citado partido.

**Don José Ignacio Gómez Pérez do Grupo do PSdeG.-PSOE** sinala que en todo caso o seu grupo fixo esta proposta porque é un asunto que afecta a todos os grupos, agradecéndolle ao grupo de Democracia Ourensana que lle deixe a exposición da moción. Indica que como xa ten sinalado nas comisións informativas, e aínda que poida soar fóra de lugar, a democracia nesta institución está secuestrada, empregándose polo grupo de goberno todas as *triquiñuelas* posibles para desvirtuar as propostas da oposición, e cunha cuestión engadida que lles fai ser máis prepotentes, que é que non lles chega con ter a maioría absoluta nesta cámara, o que lles permitiría votar en contra das iniciativas e evitar que saian adiante, senón que enriba pretenden desvirtuar completamente as propostas da oposición. A actitude do grupo de goberno pretende secuestrar a democracia pretendendo non só que as propostas da oposición non saian adiante, senón desvirtuar totalmente as súas propostas. Engade que non cree que se trate dunha cuestión do grupo popular, como se indica na moción, obedece ao asunto que vive o presidente dende hai meses e que cada cousa que toca o ese señor se converte nun problema, creando un novo onde non existía ningún, en cousas onde non tiñan nin que existir e sempre prexudicando o labor dos grupos da oposición. Ao seu xuízo existen mecanismos suficientes a través da presentación de emendas e que poden ser compartidas polos grupos da oposición e boas para os acordos para adoptar, e que en todo caso ten o amparo legal, como así manifestou o secretario xeral da Deputación Francisco Cacharro, polo que o grupo de goberno o único que está a facer é retorcer un pouco máis a normativa, ata o punto de que é unha realidade manifesta que os grupos da oposición teñen que presentar as mocións antes das comisións informativas, é dicir, cando ao grupo de goberno lle da a gana, mentres que o grupo do Partido Popular fai todo o contrario, traendo mocións de urxencia ás comisións que son aprobadas ao ter a maioría, pero que non teñen o mesmo criterio cos grupos da oposición. Como exemplo indica que este mes tiveron que presentar as iniciativas en apenas dez días debido a que o mes empezou en día tres e houbo festivos, argumentando que dentro de pouco só lles faltará dicir que é o que se pode traer ao pleno e o que non, e chegará un momento en que nin haberá oposición, cousa que a moitos dos integrantes do grupo de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

gobierno lles gustaría, que non ao voceiro do Grupo Popular, que lle ten recoñecido algunha vez agora que ten oposición no seu concello está mellor e máis motivado en facer as cousas o mellor posible, pero si a moitos dos integrantes do grupo de goberno que así farían o que lles peta. Neste intre apela á sensatez dos membros do grupo de goberno que son alcaldes/as noutros concellos e saben o que é gobernar, indica que se trata dunha cuestión de mera vontade política e non de legalidade, indicando que deben ter a suficiente man esquerda para permitirlle á oposición presentar as súas propostas, aínda que logo voten en contra delas, porque hoxe mesmo neste pleno hai emendas que son auténticas tomaduras de pelo, e que ao único camiño que pode levar esta situación é a que a oposición directamente non presente mocións, ou se presente nun pleno con 100 mocións urxentes, por poñer un exemplo, e logo algún se queixa da duración dos plenos. Remata sinalando que se trata dunha cuestión de pura lóxica e que non tería nin que debaterse pero que é unha tónica nesta Deputación que cada vez que o presidente toca unha cousa convértese nun problema, neste caso un problema para todos.

**Don Plácido Álvarez Dobaño do Grupo Popular**, comeza adiantando que o seu grupo vai votar en contra da proposta de acordo, e dito con todos os respectos, entende que se trata máis dunha *pataleta* que dunha proposta de acordo, polos motivos que explicará. A continuación fai un breve percorrido cronolóxico da tramitación do actual Regulamento Orgánico da Deputación, aprobado polo pleno coa unanimidade dos 25 membros desta Corporación na sesión de data 27.04.2012, e veu a substituír ao anterior do ano 1988. As valoracións que naquel pleno fixeron os diferentes voceiros dos diferentes grupos foron especialmente boas, lembrando que o Sr. Gómez Pérez, voceiro do PSdeG.-PSOE, nesa sesión dixerá que o regulamento estaba ben, e lle agradeceu ao presidente que cumprise cos compromisos porque se comprometera previamente a facer ese regulamento e vostede así o felicitara, e o voceiro do BNG naquela sesión, o Sr. Jardón Pedras, cualificouno como un bo regulamento e que xa era hora de que se tivera. Con posterioridade, en outubro do ano 2013, a Sr. Morenza do Grupo Socialista solicitou que pola Presidencia se puxeran en marcha os mecanismos necesarios para facilitar o voto dos deputados e deputadas en situación de embarazo, permiso de maternidade, permiso de paternidade ou en caso de enfermidade grave. Así, en novembro de 2013, a proposta de Presidencia, acórdase por este pleno a aprobación inicial da modificación do regulamento introducindo no seu texto o artigo 7 bis, relativo ás normas sobre o voto a distancia nos órganos colexiados da Deputación. Máis recentemente, en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

setembro de 2015, a proposta da Presidencia, acórdase unha nova modificación do regulamento engadíndolle un novo apartado 3 ao artigo 2, para a creación do órgano directivo denominado Dirección Xeral de Recursos Humanos. En decembro do ano 2015, cos votos a favor dos grupos Popular, Socialista e do BNG e abstención de DO, acórdase aprobar a proposta presentada pola deputada Sra. Lama Nóvoa, na que se propón a creación dun grupo de traballo dentro da comisión de Transparencia e Administración Provincial co fin de elaborar unha proposta de modificación do regulamento orgánico que estableza as normas que regulen o acceso presencial de veciños e veciñas ás sesións plenarias. En marzo de 2016, o pleno aproba inicialmente esta proposta de modificación. Con data 10.05.2016 o Grupo Socialista, no prazo de exposición ao público da antedita modificación, presenta unha serie de alegacións, e xa finalmente o pleno de 27.05.2016 acorda desestimar esas alegacións e aprobar definitivamente a proposta de modificación do regulamento orgánico. Sinala que fai esta breve cronoloxía das modificacións do Regulamento Orgánico para resaltar que dende entón a ningún grupo político da Corporación se lle ocorreu presentar ningunha proposta similar á que hoxe nos ocupa, opinando el que a razón é que a proposta de modificación nin era precisa entón nin o é agora. Na exposición de motivos da moción dá a impresión de que queren poñerlle floreiros a unha proposta co fin de xustificar unha modificación a todas luces innecesaria e carente de toda lóxica para o Grupo Popular, e que como xa dixo, máis que unha simple modificación parece unha simple *pataleta* porque non é certo que existan graves conflitos no decurso das sesións, agás as considerables saídas de ton dalgún deputado, non precisamente do Grupo Popular. Non é certo que pola Presidencia se force a normativa para dificultar o labor de control da oposición, non é certo que o dereito a facer propostas dos grupos da oposición se vexa limitado de xeito fraudulento pola presentación de emendas que cambian substancialmente o contido das propostas substituíndo o contido destas por outro contrario ao seu espírito, como se sinala na exposición de motivos da moción, e tampouco é certo que non se respecte o dereito dos grupos da oposición a presentar as súas propostas. Remata concluíndo que non se pode faltar á verdade dun xeito tan á lixeira. Ademais lembra a todos os presentes que o presidente somete sempre a debate e votación todas as mocións, preséntense ou non emendas de substitución, debaténdose a moción e a emenda de substitución con votación separada de ambas, polo que non se distorsiona nin entorpece nada, simplemente se debaten e votan separadamente, sendo cuestión distinta a valoración política

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

que lles corresponde aos cidadáns da provincia. Indica que se fan cargo do oportunismo político da oposición coa presentación desta moción, que persoalmente ata entende, pero consideran totalmente innecesaria a modificación proposta polo que votarán en contra dela.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG**, na súa segunda quenda de intervención, sinala que do relatorio do voceiro do Grupo Popular se desprende que o texto inicial do Regulamento Orgánico foi modificado en varias ocasións, para mellorar o seu contido, entendendo que esta podería ser simplemente unha modificación máis para melloralo, e que nunca houbo problemas neste sentido ata que recentemente polo grupo de goberno se está precisamente a actuar do xeito explicado. Resalta tamén que a proposta conta co informe favorable do secretario xeral da Deputación, co que a proposta é perfectamente legal e aplicable, dependendo unicamente da vontade política da Corporación. Remata apuntando o xa reiterado en ocasións precedentes, que segue sendo un sistema pouco claro e farragoso, e o da proposta que se está a debater é moito máis simple e claro para coñecer o sentido do voto dos corporativos, e permitiría que os grupos autores das propostas decidan claramente que é o que se vota, lamentando finalmente que se teña que seguir traballando nesta casa con este sistema.

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, comeza esta intervención indicando que non entende moi ben a que vén o repaso histórico da historia do Regulamento Orgánico que fixo o voceiro do grupo Popular, e pregúntase se a razón é que quere amosar que xa van moitas modificacións. Na opinión do seu grupo débense facer as modificacións que sexan precisas e nun mundo no que os cambios son cada vez máis drásticos e todo flúe a maior velocidade, fai que igualmente as normas e os regulamentos teñan que cambiarse cada vez máis rápido, polo que é normal que nos derradeiros anos se teña mudado o regulamento, anticipándose desde xeito ás previsións da realidade, e é posible que cheguemos nun futuro aos cambios en tempo real. Sinala que anteriormente o regulamento non causara problemas, seguramente porque non se empregada de xeito perverso e terxiversador como se fai agora, emendando as propostas dos grupos ata desvirtuar por completo o seu contido e que chegou nalgún caso a que o grupo proponente tivese que retirar a moción para non saír peor parado coa emenda de “mutación” do grupo de goberno. Manifesta que no pouco tempo que levan aquí, cren que si que algunhas das emendas do grupo de goberno buscaban deliberadamente alterar a esencia das propostas dos grupos e parécelles *engorroso* o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

procedemento, aplicando o principio da navalla de Ockham que di que en igualdade de condicións a explicación máis sinxela soe ser a máis probable. Remata dicindo que a moción entende que simplificaría o procedemento e que lamenta que o grupo de goberno non estea polo labor de aceptar a proposta formulada.

**Don José Ignacio Gómez Pérez do Grupo do PSdeG.-PSOE**, intervén nesta segunda quenda comezando cunha alusión previa ao voceiro do Grupo Popular, para sinalar que sempre lle fai caso nas súas intervencións e procurando responderlle sempre, cousa que non se pode dicir da actitude do Sr. presidente cos grupos da oposición. De todas formas indica que non comparte a maioría dos argumentos do voceiro do Grupo Popular. En primeiro lugar, e respecto a que eles votaron a favor da actual redacción do Regulamento Orgánico, indica que é unha cuestión que lles honra, xa que amosa que saben aplaudir e apoiar as cousas cando se fan ben, non como o Grupo Popular que sabendo que as cousas se están a facer mal non teñen a capacidade de tentar facelo ben. Ninguén discute que o regulamento non estea ben, cousa distinta é o uso e a perversión que se fai dalgunhas das súas previsións polo grupo de goberno e polo presidente en particular. Neste sentido di que el tamén podería facer un percorrido histórico polas perversións da normativa feitas polo presidente, comezando polo comité de ética, non pola norma en si mesma senón porque o presidente incumpriu a norma proposta por el mesmo. Lembra que a modificación para impulsar o voto telemático foi do PSdeG-PSOE, pero que a día de hoxe aínda non funciona na chamada “provincia intelixente”. Engade que este debate non lles interesa aos cidadáns e menos aínda aos medios de comunicación, coa de problemas moito máis importantes que hai nesta provincia, aínda que non é un tema menor. Considera que é moi retorcido o uso que se fai das emendas de substitución pola Presidencia, que é moi difícil ter interlocución co presidente cando non asiste a ningún órgano colexiado dos que el mesmo crea, como por exemplo á xunta de voceiros, nin cando se lle esixiu que viñera a dar explicacións dunha actuación que posiblemente o vaia sentar no *banquiño*, xa que el é o que incumpre reiteradamente as normas. Respecto ás saídas de ton aludidas polo voceiro popular, indica que para saídas as que teñen coas notas de prensa cara á súa persoa algúns dos acólitos do grupo de goberno, con faltas de respecto constantes. Outro exemplo que pon é o do pleno sobre o estado da provincia, que foi proposta do grupo socialista, e que non se celebrou na data acordada porque o Sr. presidente tivo un problema, retorcendo de novo a norma, e que ao final resulta que nesta Deputación as normas se aplican

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

segundo lle veña ben ou mal ao presidente. Recalca que non é unha *pataleta*, e que todo isto comeza cunha interpelación do seu compañeiro Adolfo González Nóvoa ao presidente na que este lle contesta que non se sabe moi ben como vai a votación das emendas e lembra que o informe do secretario xeral di que non hai ningún impedimento legal para a adopción do acordo que se propón, que é unha pura decisión política, de vontade política, e que é o presidente o que está en contra, cando foi el mesmo o que creou un problema e bótalles a culpa aos demais. Remata sinalando que as emendas de substitución son unha mostra de falla de valentía política tremenda, porque o grupo de goberno ten a posibilidade de votar en contra das propostas e como non se atreven a dicir que non ás claras a certas propostas, tentan de substituílas por outras moito máis ambiguas. Finalmente lembra que existen dúbidas sobre se se están votando correctamente, primeiro as emendas e logo as propostas, e en ocasións chegamos ao absurdo de que certas propostas dos grupos da oposición terían que ser votadas en contra polos propios grupos tralas emendas de substitución presentadas polo grupo de goberno que desvirtúan totalmente o sentido da proposta presentada.

**Don Plácido Álvarez Dobaño do Grupo Popular**, pecha esta segunda quenda de intervencións sinalando que as posturas parecen bastantes claras. Diríxese ao Sr. Ojea Bouzo de Democracia Ourensana para indicarlle que parece que non fixo moito caso do percorrido cronolóxico que fixo do Regulamento Orgánico da Deputación e que o feito de que o seu grupo non tivera representación na Deputación non é óbice para se fale de anos anteriores. En canto ás modificacións introducidas nos derradeiros anos sinala que máis que modificacións son engadidos á redacción orixinal do regulamento e que está de acordo en que a proposta é admisible e conforme a dereito, pero outra cousa é que sexa realmente necesaria, pedíndolle ademais ao grupo de Democracia Ourensana que aclare a súa proposta, xa que sempre din que as mocións non serven para nada pero agora se amosan moi ilusionados apoiando este tipo de iniciativas. Á marxe da legalidade la proposta, entenden que a modificación é totalmente innecesaria xa que as mocións se presentan, se debaten e se votan e as emendas de substitución igualmente, primeiro as emendas de substitución e logo as mocións, e isto faise pola vontade política do presidente de máxima claridade e respecto ás propostas dos grupos. Que en todo caso é o mesmo efecto que, se en lugar da emenda de substitución, presentan unha moción alternativa polo trámite de urxencia polo que debe ser a cidadanía a que valore o apoio ou



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

rexeitamento a unha proposta ou á outra, á moción ou á emenda de substitución, xa que o demais lle parece, dito con todos os respectos, unha *pataleta*.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

### **3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DAS TAXAS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG**, retoma brevemente o debate do punto anterior para apuntar que o argumento definitivo o acaba de dar o voceiro do grupo Popular ao argumentar que a votación depende da magnanimidade do Sr. presidente, entendendo que ese motivo sería por si só suficiente para aceptar a proposta da moción anterior. Con respecto a este punto da orde do día o BNG xa se posicionou en contra, en sendas ocasións, a respecto da privatización deste servizo, de aí que non compartan o modelo de xestión, incluído o exercicio das competencias en materia de xestión tributaria, polo que van votar en contra.

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, retoma igualmente o punto anterior da orde do día para replicarlle ao voceiro do Grupo Popular que non vale como argumento o de que eles teñen maioría e o resultado sería o mesmo, xa que a distribución das forzas políticas nesa cámara é unha cuestión conxuntural e os regulamentos non deben facerse pensando en situacións conxunturais, senón pensando en calquera

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

distribución posible de forzas. Respecto ao presente punto da orde do día indica que se van a abster.

**Don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE**, sinala que o seu grupo vai votar a favor da proposta de acordo porque entenden que esta delegación na Deputación é o máis acaído para a eficacia e a eficiencia na xestión, aproveitando unha estrutura xa existente sen necesidade de crear outras.

**Don Pablo Pérez Pérez do Grupo Popular**, refírese ao argumento do representante do BNG para apuntar que isto non ten nada que ver coa forma de xestión do servizo, xa sexa xestión directa ou indirecta, que o que se está a someter a debate e votación é a delegación da xestión tributaria e recadación.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación de competencias nesta Deputación, que acordou o Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, na sesión do 29 de setembro de 2016, en materia de recadación das taxas esixibles pola prestación do servizo contra incendios e de salvamento así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos, e non prescritas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e o artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no mencionado acordo do Pleno do consorcio do 29 de setembro de 2016. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia

**4º.- MODIFICACIÓN DOS EXPEDIENTES N.º 3/2016 E 4/2016 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

A Sra. interventora dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, quere lembrar que no caso concreto da pista de tenis do Concello da Gudiña xa indicara que non lle parecía oportuno aprobar unha subvención para esa finalidade xa que se trata dun deporte minoritario, e eles pensan que unha obra municipal debe dar servizo a unha meirande parte da poboación. Naquel intre foron moi criticados polo alcalde da Gudiña e agora cambia a finalidade para unha pista polideportiva polo que implicitamente lles ven dar a razón. Igualmente apunta que o voceiro do Grupo Popular argumentou na comisión que non sería necesario un cambio de finalidade xa que se se solicitou para unha pista de tenis poderíase facer a pista polideportiva igualmente, entendendo que este non lle parece o xeito correcto de traballar. Sinala finalmente que se absterán na votación deste punto da orde do día.

**Don José Ignacio Gómez Pérez do Grupo do PSdeG.-PSOE**, apunta que a cuestión de fondo neste asunto é que se trata dunha cuestión nominativa que debería obedecer a situacións de urxencia e necesidade. Pon como exemplo a xestión do seu concello onde, logo de analizar as necesidades existentes, as poucas subvencións nominativas que permiten os seus recursos lévanse ao orzamento e imaxínense que pasaría se á metade do exercicio se cambia a festa da historia pola festa do *biosbardo*, por exemplo. Entende que o da subvención nominativa ao Concello da Gudiña “*é unha coña*” e que neste caso se está premiando aos que fan mal as cousas en detrimento dos que o fan ben, cambiando varias veces a finalidade da subvención, pero en cambio nas que son da concorrencia competitiva, porque falte un papel, porque no mes de agosto polo motivo que sexa non se pode presentar, vostedes non lle validan a subvención porque haxa un erro administrativo e iso non é normal, esas cousas hai que mudalas e corrixilas, indicando que o alcalde da Veiga sabe de que fala porque tamén está afectado, e que se debería chamar ao concello para indicar que hai un erro administrativo, xa que o contrario é actuar de mala fe. Remata sinalando que van votar en contra desta proposta de acordo, polos motivos expostos.

**Don Plácido Álvarez Dobaño do Grupo Popular**. diríxese ao voceiro no BNG para indicarlle con respecto ao punto anterior de modificación do regulamento orgánico que non lle entendeu nada de nada do explicado, o cal sinte moito. Respecto ao voceiro do Grupo de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Democracia Ourensana indícalle que cada día se nota máis que nunca tivo responsabilidades de goberno e que é unha persoa de pouco fiar, xa que fai un argumento dun comentario feito informal e feito fóra da comisión. Unha vez dito o anterior, sinala que igual o alcalde da Gudiña lle fixo caso para cambiar o obxecto da subvención a unha pista polideportiva. Volve incidir no respecto máximo a autonomía municipal e a máxima colaboración dende a Deputación. Engade que esta proposta de acordo contempla tamén un concello gobernado en coalición por PSOE e BNG, polo que deberían entender que ás veces nestes expedientes xorden atrancos administrativos que motivan o cambio de finalidade que entende que, dentro da súa autonomía, debe ser decisión de cada concello.

**Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana**, manifesta que a reflexión aludida, feita polo voceiro do grupo Popular, se non lle falla a memoria, foi feita no desenvolvemento da sesión da comisión informativa. De non ser así, entende que non ten validez o dito e pide as desculpas pertinentes. Remata dicindo que neste punto se van a abster.

**Don José Ignacio Gómez Pérez do Grupo do PSdeG.-PSOE**, sinala que entende perfectamente que se produzan cambios, e respecta a autonomía municipal e as decisións dos alcaldes, pero ben entendida, pondo como exemplo os concellos que non respectan a lei da memoria histórica nas denominacións das rúas. Na súa opinión, se ben o caso da Gudiña tamén é autonomía municipal, amosa unha mala xestión e así hai que dicilo, sexan da cor que sexan, pondo como exemplo da súa coherencia os expedientes de modificación de crédito cando se traen subvencións que afectan a concellos gobernados polo Partido Socialista e eles votan igualmente en contra porque entenden que as cousas se están a facer mal. Lembra que existen concellos aos que se lles dan subvencións nominativas para ximnasia que non funcionan ou para saneamentos que só teñen as tapas, e iso hai que denunciálo, e non seguir dándolles subvencións como se fai desde esta Deputación. Remata sinalando que agarda que esta sexa a derradeira modificación desta subvención nominativa da Gudiña, e en caso contrario espera que o voceiro do Grupo Popular acabe por darlles a razón.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular**, remata a quenda de intervencións apelando á autonomía municipal e á colaboración que debe ter a Deputación dende a máis estrita legalidade. Respecto da alusión á súa conversa privada explica que non ten ningún inconveniente en explicalo, dicindo que nunha conversa informal cun alcalde socialista onde

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

sinalaba que a experiencia podía levar a solucionar esa situación doutro xeito, xa que unha pista polideportiva non é máis que unha pista de tenis repintada.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar as bases de execución do orzamento da Deputación Provincial, no apartado relativo a subvencións nominativas, no seguinte sentido:

- a) Procédese á baixa por anulación da subvención nominativa para financiamento do PAI da Mezquita con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01 e establécese unha subvención nominativa para o Concello da Mezquita, por importe de 25.000 euros, con destino ás obras de adaptación do local destinado á posta en marcha do PAI, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01. Para tal efecto, apróbase un crédito extraordinario por importe de 25.000 euros nesta última aplicación, financiado mediante a baixa por anulación do mesmo importe na aplicación 231.11./462.01.
- b) Modifícase tamén a subvención nominativa de 40.000 euros para construción de pista de tenis e pavimentación no Concello da Gudiña, substituíndoa pola de construción de pista polideportiva.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A APERTURA DO MUSEO DO VIÑO EN SANTO ANDRÉ (RIBADAVIA).-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo do PSdeG.-PSOE**, indica que este punto é un bo exemplo para amosar que o regulamento ten que mudarse e que en todo caso esta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

moción tiña que ter vido ao pleno xa hai varios meses, senón fora porque o presidente continúa a retorcer a normativa. A continuación dé lectura á moción presentada polo seu grupo, co seguinte contido: *“...A Reitoral de Santo André de Camporredondo forma un conxunto único do barroco galego que contén ademais unha adega abovedada singular. O conxunto foille cedido ao Concello de Ribadavia a través dun convenio co Bispo de Ourense para situar nel o Museo do Viño de Galicia. A restauración do edificio iniciouse con múltiples colaboracións públicas sendo decisiva a actuación da primeira “Escola-Taller” da provincia xa en 1988. Outras actuacións continuaron a rehabilitación dos edificios. A Xunta de Galicia, que xestiona o Museo Etnolóxico de Ribadavia, responsabilizouse a partir de 1995 dos traballos do proxecto museístico e demais actuacións necesarias para a súa apertura e xestión. Desde entón, foron moitas as visitas e compromisos pero non se teñen concretado as accións para a apertura destas instalacións despois de 29 anos nos que se iniciou este proxecto. É preocupante a falta de accións nas pasadas dúas lexislaturas por parte da Consellería de Cultura. Ao inicio deste mandato foi a Deputación quen se ofreceu a participar nos últimos traballos necesarios para abrir dunha vez o museo, ofrecendo a colaboración á Consellería de Cultura para elo. Polo tempo transcorrido parece que tampouco se ve próxima a apertura das instalacións. Polo exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1º.- O Pleno da Deputación acorda esixirlle á Xunta de Galicia que con urxencia se tomen as medidas necesarias para a apertura inmediata do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporredondo en Ribadavia, para cumprir os compromisos adquiridos. 2º.- A Deputación comprométese a colaborar nos aspectos que se recollan no correspondente convenio, por considerar estas instalacións estratéxicas para a provincia. Engade que o Sr. presidente desta Deputación foi hai máis dun ano e pico a esa reitoral a anunciar que en breve se abriría ao público e que só faltaba a sinatura do convenio para poñelo a funcionar. Explica que todo iso está nas hemerotecas, que foi sacar a foto e dar un paseillo co conselleiro de Educación, e que, para variar, ao alcalde do concello non o invitaron. Entende que o que foron é “vender a moto”, e que aínda que a el se lle falte ao respecto e non se xe invite como alcalde, se conseguise a apertura do museo do viño non tería reparo ningún en felicitalo, despois de máis de vinte anos sen facelo a Xunta de Galicia. Pero nesta caso este presidente non só incumpre o prometido, senón que agora é incapaz de negociar*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

coa consellería do seu propio partido e agora presentan unha emenda de substitución onde pretenden darlle á volta á proposta do Grupo Socialista, solicitando agora “...seguir coas xestións coa Xunta de Galicia...”, e pretenden que o crean, cando en vinte e cinco anos foron incapaces de abri-lo. Engade que isto máis que unha emenda de substitución é unha tomadura de pelo aos veciños e veciñas do Concello de Ribadavia, de toda a comarca do Ribeiro e da provincia. A emenda do Grupo Popular non ten nin exposición de motivos e nela terían que explicar porque está aínda sen abrir, nun edificio emblemático e no que xa se investiron moitos cartos. Di que hai que falar claro: este presidente non foi capaz de abrir o museo, é un incapaz, e con el non, pero co Sr. Doval, que leva cultura, estaría disposto a ir á consellería a facer as xestións pertinentes porque esta situación xa é para eles unha tomadura de pelo. Visto isto proceden a retirar a moción presentada neste intre e entenden que xa non debe ser votada.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.** ante a retirada da moción, e moi brevemente, engade que vai omitir o relatorio que tiña previsto o seu grupo para este punto da orde do día e que en todo caso esta instalación debería ser xestionada pola Xunta de Galicia, debe formar parte da rede de museos de Galicia posto que leva o nome do país. Eles ían reiterar que están porque se abra o museo e é unha mágoa que despois dos cartos investidos se atope nesa situación e que debe ser xestionado pola Xunta de Galicia.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana,** indica que na súa opinión esta emenda é un “vacile” á proposta do Grupo Socialista e onde realmente tiña que ter presentado emenda o Grupo Popular era no anterior punto relativo ao regulamento orgánico xa que aí si que quedaría surrealista. Respecto deste asunto, sinala que se ben é certo que eles entenden que as mocións non serven para case nada, si son útiles para o debate e para o reflexo que logo teñen os acordos na sociedade e na prensa, e como a maior parte da prensa está comprada polo Grupo Popular, sempre gañan o titular, e non se reflicte o debate. Centrándose no fondo da moción entende que ten razón a proposta do Grupo Socialista e cren que procede porque a Deputación e o INORDE tiran tanto os cartos que entenden que nisto poderían estar ben investidos. Pon como exemplo países en teoría menos desenvolvidos como Portugal e explica que na localidade de Melgaço xa teñen un museo do viño e instalacións termais que é *flipante*. Dende Democracia Ourensana están defendendo que, xa que o concello non sabe que facer coa praza de abastos da Ponte, debería ser cedida á Xunta e á Deputación para o fomento

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

de produtos autóctonos e non ser xestionada por particulares. Remata sinalando que están a favor da proposta do Grupo Socialista.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular,** sinala que o seu grupo valora positivamente a proposta do grupo socialista pero como nalgunha outra ocasión non poden coincidir coa terminoloxía empregada e que a súa emenda non é moi distinta da proposta. Engade que a pesar da retirada da moción quere deixar clara a postura do seu grupo e do presidente, apuntando que o viño se considera un sector estratéxico para a provincia. Sinala como mostra que nos orzamentos de 2016 e de 2017 figuran subvencións nominativas aos catro consellos reguladores da provincia por importe de 50.000,00 €, orzamentos aos que, por certo, os grupos da oposición votaron en contra. Para o seu grupo o Museo do Viño de Galicia na reitoral de Santo André é unha actuación fundamental para esta provincia e que forma parte das conversas que se veñen mantendo continuamente pola Presidencia coa Xunta de Galicia dende o ano 2012, e que esta Deputación está aberta a calquera modo de xestión desta reitoral, mesmo para a súa xestión, e está relacionada cunha proposta do plan Ourense 2015-2019 co que este presidente se presentou ás eleccións locais referente a dispoñer dun espazo para todas as denominacións de orixe da provincia, as catro do viño, pementos de Arnoia e Oímbra, o pan de Cea, pataca de Galicia e a castaña, iniciativa moi ambiciosa. Lembra que froito destas xestións o presidente foi invitado polo conselleiro hai un ano a unha visita a esta Reitoral para avanzar nas xestións que permitan a súa apertura. Conclúe engadindo que desde a Deputación existe o máximo compromiso e adianta que sobre este asunto existirán noticias máis pronto que tarde.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana,** engade que se a Deputación busca un espazo para promocionar os produtos típicos o sitio ideal é a praza de abastos da Ponte, que quedou deserto o concurso que sacou o concello e que o seu grupo ten falado con xente do sector agroalimentario e lles parece unha boa idea. Non entende como se desde a Deputación lles parece unha boa idea o Sr. Pumar no concello votou en contra da proposta de Democracia Ourensana, pedíndolles que se coordinen. Sinala que sería un reclamo turístico excepcional e que eles propoñen que o restaurante que existe alí fose xestionado por unha escola de hostalería e no que unicamente se servirían produtos autóctonos. Reclama pedindo que a propia Deputación se interese por ese inmovible ou que incluso puxe no concurso que saque o Concello de Ourense.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

**Don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular**, aclara que en ningún caso unha proposta solapa a outra, e que en todo caso el non falou de esa posible localización, nin no Concello de Ourense, nin no Carballiño nin en Muíños, que xa lle gustaría.

A **Presidencia**, visto que o grupo proponente retira a moción e posto que non hai oposición por ningún grupo, dá por rematado o debate do asunto, non procedendo a súa votación.

Solicita a palabra o **voceiro do Grupo Socialista** para sinalar que a moción si xa foi ditaminada non podería ser retirada, como xa se indicou nalgunha outra sesión, pedindo a intervención do secretario.

O **vice secretario xeral**, despois de dar lectura ao artigo 92 do ROF, relativo á retirada de asuntos da orde do día, entende que a retirada esixiría votación, pero que ao non existir oposición de ningún grupo á retirada solicitada, non atopa inconveniente.

**Don Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**, intervén para sinalar que hai uns meses se quixo retirar unha moción ditaminada e o secretario dixo que non era posible.

O **presidente** manifesta que segundo a normativa entón deberíase votar sobre a retirada solicitada, pero que ao non existir inconveniente por ningún grupo, por esa razón entende que debe permitirse esta.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

**6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016, RELATIVA Á OBRA DA REDE VIARIA PROVINCIAL N.º 135/POS/2016, DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

O Sr. vice secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PsdG-PSOE**, intervén para sinalar que lle servirían todos os argumentos que o voceiro do seu grupo empregou no pleno do 29 de xaneiro respecto do plan da rede viaria e no que se reclamou polo grupo socialista unha planificación das obras a levar a cabo en todas as estradas da provincia. Partindo de que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

os recursos nunca son suficientes, que a rede de estradas provinciais ten máis de 1.000 quilómetros, que poden xurdir problemas na execución das obras, que existen imprevistos, o que hoxe se trae ao pleno polo grupo de goberno é de traca, xa que en vez de substituír por obras que figuran no plan complementario, das que algunha non precisaría a dispoñibilidade de terreos, pretenden incluír agora obras novas, as cales son tamén melloras de firmes e pintado de estradas e xustifican por razóns de urxencia aínda que no informe non se recollen expresamente estes termos. Engade que ela non vai dubidar do criterio dos técnicos pero estes feitos lévaos a reiterarse na petición de planificación das obras baseándose en criterios de seguridade de circulación entre outros, e que estas prioridades as marquen os técnicos e que non sexa por motivos políticos. Polo argumentado indica que o voto do seu grupo para esta proposta e para a seguinte, vai ser en contra.

**Don Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**, engade que é unha cuestión estritamente técnica e que así o manifestaron os técnicos. A información de que se dispón é que a obra para executar en Vilamnartín de Valdeorras na denominada estrada do Mazo, tiña o problema da dispoñibilidade dos terreos e que foi petición do alcalde, porque lle podía causar algún problema coa veciñanza, así que foron os técnicos os que decidiron substituíla pola que figura na proposta, adaptando orzamento existente. Conclúe sinalando que non hai moito que engadir e que se trata dunha proposta exclusivamente técnica.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, na segunda quenda de intervencións, reiterase dicindo que se hai obras complementarias no plan deben ser esas as que se deben utilizar polo seu carácter urxente, e volve incidir na importancia de facer unha boa planificación das obras para executar na rede viaria provincial.

**Don Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular** sinala que esa planificación xa existe, que recentemente visitou, entre outros, o concello onde é concelleira a deputada socialista, precisamente para facer a planificación do plan da rede viaria de 2017. Remata recalando que esta modificación é estritamente técnica.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016, no relativo a rede viaria provincial, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 135/POS/2016, denominada “obras de acceso alternativo á OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras- as obras denominadas “reconstrución muro de escollera na OU-0801 Sobradelo de Valdeorras”, no termo municipal de Carballeda de Valdeorras, co número 135/POS/2016 e un orzamento de contrata de 60.280,00 euros; e a obra denominada “sinalización horizontal na OU-1107”, co número 138/POS/2016 e un orzamento de contrata de 18.493,84 euros.

**7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016, RELATIVA Á OBRA DA REDE VIARIA PROVINCIAL N.º 133/POS/2016 NA TEIXEIRA.-**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista,** reiterase no argumentado no punto anterior.

**Don Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular,** sinala como anécdota que o Sr. Doval lle ten manifestado que esta obra que se emprega en substitución da retirada do plan é moi demandada polo Grupo Socialista no concello de Pereiro de Aguiar.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016, no relativo a rede viaria provincial, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 133/POS/2016, denominada “acondicionamento e mellora integral na OU-0214”, no termo municipal da Teixeira, que quedará incorporada ó plan complementario- as obras denominadas “reforzo do firme na OU-0507 Castadón-San Miguel do Campo”, no termo municipal de Pereiro de Aguiar, co número 133/POS/2016 e un orzamento de contrata de 43.894,84 euros; e a obra denominada “sinalización horizontal nas estradas OU-0514, OU-1011 e OU-1112”, co número 139/POS/2016 e un orzamento de contrata de 16.105,16 euros.

**8º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DO PUNTO LIMPO.-**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ignacio Gómez Pérez, do grupo PSdeG-PSOE**, sinala que non tiña previsto intervir neste punto pero que trala intervención do Sr. Pérez Pérez debe facelo, porque o argumento empregado é ridículo e lle falou a súa compañeira sobre cousas que non veñen ao caso e omitindo o argumentado por ela no debate. Xa que estamos nun punto referente ás mancomunidades explica que el tamén podería falar da mancomunidade do Sr. Pérez, de cómo e quen a xestiona e moitas cousas máis, e que lle parece unha falta de respecto aproveitar a derradeira quenda para meter esa “*puya*”.

**Don Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**, aclara que en ningún momento lle quixo faltar ao respecto e pide desculpas se así se interpretou, reiterando que o cambio, independentemente da planificación, vén motivado pola seguridade viaria, indicando que nese treito recentemente caeu un vehículo ao río.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a subscrición dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal do punto limpo, consonte coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal do punto limpo da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

#### **SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo mancomunado de punto limpo. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.**

1. En virtude do presente convenio, a Mancomunidade delega na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo do punto limpo da súa titularidade.

2. A delegación de competencias establecida neste convenio comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación, se é o caso, da correspondente Ordenanza reguladora.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais. Esta delegación entenderase limitada exclusivamente ó establecemento de taxas pola prestación do servizo a persoas non incluídas no padrón municipal dos concellos integrantes da mancomunidade ou a persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica susceptibles de ser consideradas suxeitos pasivos que non figuren no padrón de contribuíntes da taxa de recollida de lixo dos concellos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

integrantes da mancomunidade.

- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, a xornada e horario de apertura do punto limpo e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora. En todo caso, e con carácter inicial, o servizo prestarase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde.
- e) A Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos no punto limpo nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo coa empresa pública SOGAMA, SA, así como os convenios que procedan coas entidades ou empresas recicladoras coas que sexa procedente para a entrega de determinados residuos. Igualmente, poderá solicitar e percibir as subvencións destinadas a este tipo de instalacións que conceda a Xunta de Galicia ou calquera outra entidade pública ou privada.
- f) A dirección do persoal adscrito ao servizo, fronte ao que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente.
- g) A realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- h) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- l) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnica ou servizos necesarios para a súa xestión.
- m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio dos municipios integrantes da mancomunidade delegante

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

5. A delegación de competencias terá vixencia con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2015. A súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga, de conformidade co establecido na cláusula 10ª.

**TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.**

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo do punto limpo non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser da mancomunidade, en tanto que titular da instalación do punto, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada da mancomunidade delegante na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá autorización previa da mancomunidade nos seguintes casos:

- a) Aprobación da ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 30 % do custo económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.

O outorgamento desta autorización corresponderalles ós órganos mancomunais competentes por razón da materia, segundo a distribución de atribucións establecida nos seus estatutos.

No suposto en que a proposta da Deputación Provincial en calquera das materias enunciadas non obtivese autorización da mancomunidade, a comisión de seguimento do convenio procederá a estudar a posibilidade dunha proposta alternativa. A comisión de seguimento deberá emitir a súa proposta alternativa, ou ben a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes dende a recepción da denegación da autorización no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial, o que lle será comunicado á mancomunidade para que no prazo dun mes adopte o acordo que estime procedente sobre a proposta da comisión. No caso de que se rexeitase esta nova proposta, ou ben non se contestase ó requirimento formulado, entenderase que a mancomunidade renuncia á prestación delegada do servizo, procedéndose á extinción automática do convenio, que será acordada pola Presidencia da Deputación, xunto coa liquidación correspondente, e farase efectiva no prazo de tres meses contados dende o vencemento do prazo para a adopción do acordo da mancomunidade.

3. O exercicio das competencias delegadas requirirá informe previo favorable da comisión de seguimento nos supostos seguintes:

- a) Acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da Ordenanza reguladora do servizo nin da Ordenanza fiscal, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo, o establecemento e modificación da xornada e horarios do punto limpo ou a modificación das prestacións que comprende, en particular nos supostos en que esas modificacións poidan supoñer un incremento do custo da xestión.
- b) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo por importe igual ou inferior ó 30 % do custo económico anual do servizo.
- c) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
- d) A formalización de convenios con outras administracións públicas.
- e) A contratación ou adscrición de persoal dedicado con carácter exclusivo ó servizo do punto limpo.

4. Requirirá informe previo da comisión a aprobación da liquidación periódica do servizo regulada na cláusula sexta do presente convenio, e o cambio de adscrición, substitución ou baixa dos medios materiais adscritos ó servizo que teñan o carácter de bens inventariables.

5. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, cunha periodicidade mínima anual.

6. A comisión de seguimento, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

7. A mancomunidade poderá obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento sobre a marcha do servizo.

**CUARTA.- Traspaso de medios materiais adscritos ó servizo.**

1. Con efectos da entrada en vigor do presente convenio, manterase a adscrición ao servizo dos medios materiais mancomunais que se adscribiran á Deputación conforme co anterior convenio de cooperación, publicado no BOP do 13 de maio de 2010.

A Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado.

**QUINTA.- Sucesión de empresa en caso de extinción da delegación.-**

No suposto en que, no momento de extinción, por calquera causa, da delegación, a Deputación tivese destinado persoal con carácter exclusivo ó servizo do punto limpo, este persoal será transferido á mancomunidade ou, se é o caso, ós concellos que a sucedan, en virtude de sucesión de empresa, conforme co disposto no Estatuto dos Traballadores.

**SEXTA.- Réxime económico do servizo delegado.**

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo tódolos custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Entre os custos de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos vehículos propiedade da Deputación Provincial que poidan adscribirse ó servizo, así como os seus gastos de mantemento.

2. O servizo delegado financiarase con cargo ós seguintes ingresos:

a) O importe das taxas que poida establece-la Deputación ó abeiro do disposto na cláusula 2ª.2.b) deste convenio.

b) O importe das subvencións públicas ou privadas que poida percibi-la Deputación Provincial para o financiamento do servizo delegado.

c) As achegas da mancomunidade, que en todo caso deberán cubri-lo importe non financiado polos ingresos a que se refiren os apartados a) e b).

Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, á mancomunidade os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo supramunicipal, nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custos que corresponde ó servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas do servizo.

3. A Deputación Provincial aprobará a liquidación correspondente, coa periodicidade que se acorde na comisión de seguimento, que haberá de ser, como mínimo, anual. Unha vez aprobada e notificada á mancomunidade, esta liquidación será executiva, debendo procederse ó seu pago no prazo máximo de noventa días naturais. Transcorrido o dito prazo sen efectuarse o pago, a Deputación procederá ó seu cobro exercendo cantas accións administrativas ou xudiciais lle correspondan, incluíndo a facultade de compensalos con calquera dereito de crédito que a mancomunidade teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

**SÉTIMA.- Comisión de seguimento.**

1. Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

a) En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

as funcións de presidencia da comisión.

- O secretario xeral, o interventor e o xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente ou funcionarios que legalmente os substitúan, así como aqueloutros cuxa presenza se considere necesaria, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b) En representación da mancomunidade:

- O presidente da mancomunidade, ou membro desta no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto á mancomunidade e outro á Deputación Provincial.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- d) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- e) Emiti-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas na Lei de réxime xurídico do sector público.

**OITAVA.- Réxime xurídico.-**

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

**NOVENA.- Causas de resolución do convenio.-**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- c) Nos supostos de denegación da autorización mancomunal prevista na cláusula terceira, en cuxo caso se seguirá o procedemento regulado na dita cláusula.
- d) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta cláusula seguirase o procedemento establecido no artigo 51.2.c) da Lei de réxime xurídico do sector público.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia previa da mancomunidade, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

**DÉCIMA.- Duración do convenio.**

O presente convenio terá vixencia con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante o anterior ao seu remate o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un período de 4 anos por acordo entre as partes.

2º.- O presente convenio será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

**9º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE CONSO - FRIEIRAS E OS CONCELLOS DE VIANA DO BOLO E A MEZQUITA, PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DO PUNTO LIMPO.-**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a subscrición dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade de municipios de Conso - Frieiras e os concellos de Viana do Bolo e A Mezquita, para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal do punto limpo, consonte coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada, do servizo intermunicipal do punto limpo da Mancomunidade de municipios de Conso Frieiras e dos concellos de Viana do Bolo e A Mezquita, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

O servizo intermunicipal terá como ámbito territorial o dos municipios integrantes da Mancomunidade Conso-Frieiras e os municipios de Viana do Bolo e da Mezquita, que serán parte neste convenio.

#### **SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo mancomunado de punto limpo. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.**

1. En virtude do presente convenio, a Mancomunidade de Conso Frieiras e os concellos de Viana do Bolo e da Mezquita delegan na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo do punto limpo da súa titularidade.

2. A delegación de competencias establecida neste convenio comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- i) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación, de se-lo caso, da correspondente Ordenanza reguladora.
- j) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais. Esta delegación entenderase limitada exclusivamente ó establecemento de taxas pola prestación do servizo a persoas non incluídas no padrón municipal dos concellos integrantes da mancomunidade ou a persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica susceptibles de ser consideradas suxeitos pasivos que non figuren no padrón de contribuíntes da taxa de recollida de lixo dos concellos integrantes da mancomunidade.

- k) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- l) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, a xornada e horario de apertura do punto limpo e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora. En todo caso, e con carácter inicial, o servizo prestarase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde.
- m) A Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos no punto limpo nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo coa empresa pública SOGAMA, SA, así como os convenios que procedan coas entidades ou empresas recicladoras coas que sexa procedente para a entrega de determinados residuos, como é o caso do papel – cartón. Igualmente, poderá solicitar e percibi-las subvencións destinadas a este tipo de instalacións que conceda a Xunta de Galicia ou calquera outra entidade pública ou privada.
- n) A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente.
- o) A realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- p) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- m) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnicas ou servizos necesarios para a súa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

xestión.

m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio dos concellos integrantes da mancomunidade delegante, así como nos termos municipais de Viana do Bolo e da Mezquita.

5. A delegación de competencias terá vixencia con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2015. A súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga, de conformidade co establecido na cláusula 10ª.

**TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.**

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ao servizo do punto limpo non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser da mancomunidade, en tanto que titular da instalación do punto, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada da mancomunidade delegante na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá autorización previa da mancomunidade nos seguintes casos:

- e) Aprobación da Ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- f) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo.
- g) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- h) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 30 % do custo económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

O outorgamento desta autorización corresponderalles ós órganos mancomunais competentes por razón da materia, segundo a distribución de atribucións establecida nos seus estatutos.

No suposto en que a proposta da Deputación Provincial en calquera das materias enunciadas non obtivese autorización da mancomunidade, a comisión de seguimento do convenio procederá a estudar a posibilidade dunha proposta alternativa. A comisión de seguimento deberá emitir a súa proposta alternativa, ou ben a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes dende a recepción da denegación da autorización no Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial, o que lle será comunicado á mancomunidade para que no prazo dun mes adopte o acordo que estime procedente sobre a proposta da comisión. No caso de que se rexeitase esta nova proposta, ou ben non se contestase ó requirimento formulado, entenderase que a mancomunidade renuncia á prestación delegada do servizo, procedéndose á extinción automática do convenio, que será acordada pola Presidencia da Deputación, xunto coa liquidación correspondente, e farase efectiva no prazo de tres meses contados dende o vencemento do prazo para a adopción do acordo da mancomunidade.

3. O exercicio das competencias delegadas requirirá informe previo favorable da comisión de seguimento nos supostos seguintes:

- f) Acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da Ordenanza reguladora do servizo nin da Ordenanza fiscal, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo, o establecemento e modificación da xornada e horarios do punto limpo ou a modificación das prestacións que comprende.
- g) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo por importe igual ou inferior ó 30 % do custo económico anual do servizo.
- h) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscripción de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
- i) A formalización de convenios con outras administracións públicas.
- j) A contratación ou adscrición de persoal dedicado con carácter exclusivo ó servizo



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

do punto limpo.

4. Requirirá informe previo da comisión a aprobación da liquidación periódica do servizo regulada na cláusula sexta do presente convenio, e o cambio de adscrición, substitución ou baixa dos medios materiais adscritos ó servizo que teñan o carácter de bens inventariables.

5. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, cunha periodicidade mínima anual.

6. A comisión de seguimento, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

7. A mancomunidade poderá obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento sobre a marcha do servizo.

**CUARTA.- Traspaso de medios materiais adscritos ó servizo.**

1. Con efectos da entrada en vigor do presente convenio manterase a adscrición ao servizo dos medios materiais mancomunais que se adscribiron á Deputación conforme co anterior convenio de cooperación publicado no BOP do 25 de maio de 2010.

A Deputación Provincial poderá proceder ao cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado.

**QUINTA.- Sucesión de empresa en caso de extinción da delegación.-**

No suposto en que, no momento de extinción, por calquera causa, da delegación, a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Deputación tivese destinado persoal con carácter exclusivo ó servizo do punto limpo, este persoal será transferido á mancomunidade ou, se é o caso, ós concellos que a sucedan, en virtude de sucesión de empresa, conforme co disposto no Estatuto dos Traballadores.

**SEXTA.- Réxime económico do servizo delegado.**

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo tódolos custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Entre os custos de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos vehículos propiedade da Deputación Provincial que poidan adscribirse ó servizo, así como os seus gastos de mantemento.

2. O servizo delegado financiarase con cargo ós seguintes ingresos:

a) O importe das taxas que poida establecer a Deputación. Ao abeiro do disposto na cláusula 2ª.2.b) deste convenio.

b) As achegas da mancomunidade e dos concellos de Viana do Bolo e da Mezquita, que en todo caso deberán cubrir o importe non financiado polas taxas a que se refire o apartado a). O importe destas achegas distribuirase en función da poboación das entidades locais adheridas ao convenio.

Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, á mancomunidade os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo supramunicipal, nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custos que lle corresponde ó servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas do servizo.

3. A Deputación Provincial aprobará a liquidación correspondente, coa periodicidade que se acorde na comisión de seguimento, que haberá de ser, como mínimo, anual. Unha vez aprobada e notificada á mancomunidade, esta liquidación será executiva, debendo procederse ó seu pago no prazo máximo de noventa días naturais. Transcorrido o dito prazo sen efectuarse o pago, a Deputación procederá ó seu cobro exercendo cantas accións administrativas ou xudiciais lle correspondan, incluíndo a facultade de compensalos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

con calquera dereito de crédito que a mancomunidade teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

**SÉTIMA.- Comisión de seguimento.**

1. Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

c) En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
- O secretario xeral, a interventora e o xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente ou funcionarios que legalmente os substitúan, así como aqueloutros cuxa presenza en tódolos casos con voz pero sen voto.

d) En representación da mancomunidade:

- O presidente, ou membro da mancomunidade no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos, estes últimos con voz pero sen voto.

e) En representación dos concellos de Viana do Bolo e da Mezquita:

- Os alcaldes ou concelleiros nos que deleguen, que poderán comparecer asistidos de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento funcionará en réxime de voto ponderado, correspondéndolle tres votos á Mancomunidade, cinco votos á Deputación, un voto ao Concello de Viana do Bolo e un voto ao Concello da Mezquita.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- f) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- g) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- h) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- i) Informa-los supostos de resolución do convenio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

j) Emiti-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas na Lei de réxime xurídico do sector público.

**OITAVA.- Réxime xurídico.-**

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

**NOVENA.- Causas de resolución do convenio.-**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- e) Por mutuo acordo entre as partes.
- f) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte entenderase referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- g) Nos supostos de denegación da autorización mancomunal prevista na cláusula terceira, en cuxo caso se seguirá o procedemento regulado na dita cláusula.
- h) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta cláusula seguirase o procedemento establecido no artigo 51.2.c) da Lei de réxime xurídico do sector público.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia das demais partes, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

**DÉCIMA.- Duración do convenio.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

O presente convenio terá vixencia con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante o anterior ao seu remate o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un período de 4 anos por acordo entre as partes.

2º.- Publicar o presente convenio no BOP, para xeral coñecemento.

**10º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO TRASPASO DE COMPETENCIAS SOBRE O PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que defenda o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana,** comeza expoñendo que este asunto ten que ver co cuestionamento das competencias da Xunta, da Deputación e do Concello de Ourense, administracións das que unha, senón dúas, sobra, xa que se producen moitos solapamentos en gran cantidade de servizos que só implican un aumento da burocracia. Sinala que Xunta e Deputación queren intervir no servizo do transporte metropolitano, servizo no que os maiores beneficiarios son os veciños do propio Concello de Ourense. Igualmente en Expourense, que se atopa no Concello de Ourense, e no que a Deputación e a Xunta están tremendamente involucradas. Lembra que o Pazo dos deportes Paco Paz é de titularidade provincial, e unha instalación deportiva moi similar, como é o pavillón dos Remedios é de titularidade do Concello de Ourense. A pregunta é por qué un si e o outro non, entendendo que os dous ou ningún deben ser de titularidade provincial. Para estes efectos lembra que o número de usuarios en xeral e o número de usuarios en particular empadroados no Concello de Ourense debe de ser moi similar nas dúas instalacións. Outro exemplo similar sucede coa escola oficial de idiomas, xa que se ben a maior parte dos seus usuarios son do Concello de Ourense, non é o concello senón outra administración a que a xestiona. Entende que o pavillón dos Remedios é unha instalación que supera o ámbito do concello de Ourense, pondo como exemplo o dun usuario que lle foi demandar melloras a el como concelleiro e resulta que estaba empadroado no concello de Xinzo de Limia. Para o seu grupo o pavillón dos Remedios está na mesma situación que o Teatro Principal ou o Centro cultural Marcos Valcarcel, xa que en todos eles a demanda de usuarios que non están empadroados no concello de Ourense supón unha porcentaxe altísima, e é aquí onde teñen que botar man a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial, especialmente esta última que se ben

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

é certo que eles non apoian a existencia desta administración, mentres exista está precisamente para a xestión destes servizos que superan o ámbito municipal. Engade que o pavillón dos Remedios é unha instalación deficitaria que aproximadamente só recada un 15 % dos gastos que orixina para o concello de Ourense e non cren que sexa xusto cando a maior parte destes usuarios excede o ámbito municipal. Pensan que esta instalación –o pavillón dos Remedios- debe seguir prestando servizos, especialmente porque ten unha piscina olímpica de 50 metros que é a única existente na provincia, ademais doutra de 25 metros, polo que é un luxo e un servizo para toda a provincia. Remata sinalando que o campo de fútbol de Salesianos se xestiona tamén dende un convenio coa Deputación polo que, para rematar, sinala que este tipo de instalacións de ámbito supramunicipal –pavillón dos Remedios, Paco Paz, Teatro Principal e outros- deben ser xestionados dende a Deputación ou dende a Xunta. Engade que con esta moción buscan o debate e o posicionamento do grupo de goberno respecto desta cuestión para logo presentar unha similar no concello, que ao ser o titular, debe ser o que inicie as xestións pertinentes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG**, sinala que neste grupo levan pedindo ata a saciedade, ano tras ano, nos distintos debates orzamentarios, recentemente veñen de facelo no pasado Pleno, que a Deputación se desprenda daquelas infraestruturas que supoñen prestación de servizos impropios e que ademais xeran un déficit que se vai acumulando ano tras ano están a producir un burato económico importante. No caso concreto do pavillón Paco Paz, o BNG ten defendido a posición de buscar un acordo co concello de Ourense para que ou ben este ou conxuntamente se poidan xestionar as instalacións, minimizando así o custo que este supón, e dedicando os recursos a verdadeiras e necesarias políticas de cooperación cos concellos. Evidentemente, se o que pretende o seu grupo é liberarse da xestión do Paco Paz, cómo van asumir a do pavillón dos Remedios, máxime cando non teñen constancia de que o concello teña a vontade de facelo. Por outra parte, o BNG está pola supresión das deputacións, en coherencia están por reducir as súas competencias. Ata onde el sabe, e en reiteradas ocasións, Democracia Ourensana tense pronunciado neste mesmo sentido. As deputacións non se configuran como prestadoras directas de servizos aos cidadáns a pesar da recente reforma antidemocrática do PP da administración local. As deputacións están sendo empregadas para controlar aos concellos,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

controlan os custos dos servizos municipais, financian, recadan, asesoran... A proposta leva consigo trocar a xestión das instalacións municipais o que incrementará os custos, ao reducir as economías da concentración. Traspasaríase unha parte. O resto de instalacións manteríanse no concello: Oira, Mariñamansa, Velle, Santa Cruz... A prestación dos servizos debe ser a máis próxima ao cidadán. Por iso igual que defenden que tería sentido que o Paco Paz o xestionara o concello entenden que o mesmo criterio é de aplicación no caso das instalacións municipais. As instalacións deportivas son competencia municipal (a anomalía é o Paco Paz, pero xa saben a razón da súa construción vinculada ao COB e ao Couto). Con esta moción se lle está a pedir á Deputación que asuma unha nova infraestrutura cando ven de pechar as instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico (en relación a isto pregúntalle ao presidente se podería explicar cal foi a razón). Pídeselle á Deputación que colabore co concello cando ata o de agora non foron quen de facelo conxuntamente. Non hai máis que lembrar que esta lle retirou o seu apoio á Carreira do San Martiño e ao Centro de Tecnificación de Natación, estando o PP no goberno municipal. Por último sinalar que calquera transferencia de servizos ou instalacións leva aparellado un traspaso de responsabilidades que afectan a persoal, custos de funcionamento, sucesións de obrigas... polo cal antes da súa proposta hai que valorar a súa viabilidade. A este respecto véñenselle a cabeza varias preguntas: a transferencia da titularidade que se propón leva consigo o edificio e as actividades que alí se organizan? Que se fai co persoal que hai no pavillón actualmente? Se se lle transfire o persoal á Deputación, que xa ten o orzamento aprobado, disporía de fondos? A transferencia estará sempre condicionada polos dereitos de uso que poidan ter terceiros, se é que os teñen, serían compensados economicamente pola Deputación? Calquera infraestrutura ten uns custos (de construción e posteriores de funcionamento), sendo os máis importantes os de funcionamento, serían pagados pola Deputación? Con que fondos? As transferencias deberían levar aparellado o seu financiamento, a Deputación aseguraría o financiamento futuro? Cal é a vida útil das instalacións? 20 anos? Qué reformas necesita? Quen as asume? Demasiados interrogantes sen resolver, aínda que eles o teñen medianamente claro, e o seu posicionamento é, en principio, contrario á moción presentada.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo do PSdeG-PSOE,** sinala que o seu grupo comparte moitos dos argumentos expresados polo voceiro do BNG e que esta vez non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

comparten a proposta de Democracia Ourensana, polo menos en parte. Puntualiza que o seu criterio é coherente xa que é o mesmo agora que cando a Alcaldía do concello de Ourense lle correspondía a un alcalde do seu partido. A Deputación, así o establece a lexislación de réxime local, está para cooperar con concellos de menos de 20.000 habitantes, e xa bastante colabora esta administración co concello da capital e esta é unha cuestión de xustiza social na provincia, xa que se somos preto de 300.000 habitantes a capital anda polos 110.000 habitantes, e ten ademais un maior poder económico e orzamentario. Neste caso, ao ser un servizo propio do concello e ter este un orzamento maior que o da Deputación, debe ser o propio concello o que asuma esta xestión, xa que outros concellos de menor tamaño e capacidade económica deben ser os que estean apoiados pola administración provincial. Pregunta entón que habería que facer cos pavillóns de deportes dos restantes concellos da provincia onde os concellos, de menor capacidade, están prestando estes servizos públicos deportivos esenciais. Neste sentido lembra que o presidente desta Deputación se sentou co alcalde do concello anunciando diante da prensa que ían empezar a falar e a facer xestións para o traspaso do pazo dos deportes Paco Paz ao concello de Ourense, e outra vez estamos nas mesmas, inacción total deste presidente. Diríxese aos deputados do Grupo Popular para lembrarilles que eles apoiaron o plan de obras destinado ao concello de Ourense e que polo tanto non son coherentes na súa postura. Desde o Grupo Socialista manteñen que o concello da capital non debe ser destinatario das axudas da Deputación e que o propio concello, a través dos seus impostos e taxas, debe ser o que preste o servizo indicado, xa que os concellos de menor tamaño teñen menos recursos e cada vez máis competencias impropias. A capacidade de negociación depende de quen está no goberno de ambas administracións, que deben buscar a racionalización nos servizos e que estes sexan máis eficaces e eficientes, e o concello ten capacidade de sobra para xestionar esta instalación. A colación do apuntado, sinala que hoxe hai un artigo moi bo do xornalista Miguel Ascón no referente a que estes días se estivo vendendo dende a Presidencia que esta provincia vai moi ben, que os datos do paro van fenomenal etcétera, pero a realidade é a que é, e os datos do observatorio económico ourensán ofrecen un panorama desolador e a conclusión á que debemos chegar é que hai que reforzar a provincia nas zonas que máis o necesitan, é dicir, no rural, onde nos estamos quedando sos, e isto non se fai traspasándolle competencias á Deputación de servizos que corresponden á capitalidade da provincia.

**Don Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular,** comeza dicindo que van votar en



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

contra desta proposta, cun “non é non dos que valen”, e que quere agradecerlle ao Sr. Pérez Jácome que lle dese o argumento perfecto coa súa intervención, cando lle contestou a un veciño que lle reclamou melloras no pavillón dos Remedios estando empadroado noutro concello, que non era da súa competencia xa que el é concelleiro en Ourense, dando mostra do pouco que lle importa a provincia. Loxicamente esa moción debería ser presentada noutro foro, no concello de Ourense, engadindo que debe primar o respecto á autonomía municipal e en todo caso calquera debate sobre este asunto debe ser previo acordo do concello de Ourense. Indica que a Deputación debe estar pola discriminación positiva do rural, sinalando que está en contra co argumentario do BNG e do PSdeG-PSOE, mentres que Democracia Ourensana está máis pola discriminación negativa dos pobos en beneficio da cidade. Polo tanto, autonomía municipal e discriminación positiva do rural son os argumentos para rexeitar a moción presentada.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana,** comeza a segunda quenda de intervencións dirixíndose ao representante do BNG para criticarlle que o problema de traer as intervencións escritas é que se se di algo antes da súa intervención debe tomar a molestia de polo menos modificalo, porque precisamente el xa aludiu na súa primeira intervención a que se este debate resultaba positivo presentarían a mesma moción no concello de Ourense. Tamén discute o argumento de que están en contra porque as deputacións non deben existir, cousa que comparte, pero mentres exista haberá que buscar a mellor maneira de xestionar os case 100 millóns de orzamento que existen nesta. Respecto das intervencións do grupo socialista e do grupo popular sinala como exemplo que os respectivos alcaldes, o de Ribadavia quere que o Museo do viño o xestione a Xunta e a Deputación e seguro que se o alcalde da Veiga ten un servizo que gozan veciños non empadroados tamén reclamaría que o xestionen outras administracións. Explica que un caso similar sucede coa estación de montaña de Manzaneda. Respecto da discriminación positiva indica que os membros do Grupo Popular cada vez que se fale deste asunto deberían tapar as orellas porque a Xunta de Galicia discrimina historicamente a esta provincia coa súa complicidade, xa que apoian iso, que deixan os cartos en Santiago, Coruña e Vigo. Por primeira vez esta provincia supera a media de idade de 50 anos e hoxe sae no xornal La Region, xornal subvencionado por esta Deputación e pola Xunta de Galicia, con este titular “*Ourense será referente en Europa de la economía sostenible*”, dicindo que canto peor é a situación máis grande ten que ser a mentira e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

aquí nesta provincia ao final van quedar 5 habitantes. Volvendo ao asunto do debate indica que a Deputación e a Xunta teñen que colaborar nos servizos provinciais, e non pode ser que un servizo supramunicipal recaia totalmente no concello. Pode ter máis orzamento que o concello pero cunha menor parte de libre disposición xa que a maior parte vai para gasto corrente. Remata dicindo que se son coherentes, de xeito inmediato terían que pechar o Paco Paz e o Teatro Principal.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG**, diríxese ao voceiro de Democracia Ourensana para reiterarlle que o que di o voceiro do BNG, como o di, a forma en que o diga e cando o diga vaina decidir el. Neste sentido engade que non ten nada que modificar no seu relatorio e que debe ser Democracia Ourensana a que se reformule onde e cando ten que presentar as súas mocións xa que, como se desprende do debate, non existe posicionamento do concello de Ourense e non se coñece este, polo que non se pode empezar a casa polo tellado. Finaliza sinalando que comparte moitos dos argumentos explicados no debate e que en todo caso o camiño a percorrer sería que a Deputación se desfíxese de servizos como o Pazo dos deportes Paco Paz ou o Teatro Principal e non ao revés, como pretende a moción.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo do PSdeG-PSOE**, intervén tamén nesta segunda quenda para recriminarlle ao voceiro do Grupo Popular a referencia ao “non é non”, indicando que o non deles é o non á Gurtel, non á Púnica, no a Baltar, e que en todo caso respecta as decisións tomadas polos seus compañeiros do Partido Socialista, un partido onde hai liberdade de decisión e de opinión, cousa que non sucede noutros. En referencia ao titular do xornal sacado polo voceiro de Democracia Ourensana sinala ironicamente que países como Noruega ou Finlandia se deberían botar a tremar ante a nosa provincia e volve lembrar o artigo aludido con anterioridade e asinado polo xornalista Miguel Ascón. Centrándose na moción presentada sinala que non comparten os argumentos de Democracia Ourensana, se ben entende algún dos seus argumentos. Indica que esta cuestión se entende mellor con números e pon como exemplo o Teatro Principal que a esta Deputación lle custa máis dun millón de euros, e no concello de Ribadavia fan o mostra internacional de teatro que a esta Deputación lle custa só 35.000 €, xa que no resto do financiamento o concello “*se busca la vida*”, con outras administracións, patrocinadores privados, etcétera, e indica que seguramente nunha semana dan mellor oferta cultural que a Deputación en todo o ano, e cun prezo de 5 €, que iso

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

é unha xestión eficaz e eficiente, e non o que se fai aquí co Teatro Principal que se creou simplemente para meter a xente. Volve indicar que o Grupo Popular é incoherente nos seus argumentos xa que lles enche boca de pedir discriminación positiva no rural e agora na campaña das autonómicas o Sr. Feijó veu “vender” un parque acuático para Ourense, mentres que o grupo socialista entende que para o rural e para frear a despoboación fan falla outras medidas e doutro tipo. Neste sentido volve lembrar que o Museo de Viño de Galicia é competencia da Xunta e que cada administración debe asumir as súas competencias e se os incapaces da Xunta non poden abri-lo o que non debe facer o presidente desta Deputación é meterse onde non o chaman e enriba volver amosar a súa incapacidade porque non conseguiu nada de nada, e nesta casa o investimento tampouco se dedica ao que se ten que dedicar. Como exemplo cita os conservatorios de música, xa que estes teñen ámbito comarcal pero os seus gastos son asumidos polo concello da capital e ao Sr. presidente se lle encheu a boca de citar a lei de racionalidade e sustentabilidade da administración local, que ía solucionar o problema das competencias, pero a realidade é que a situación segue igual e que deberían ser outras as administracións que asumisen os conservatorios de música. Remata sinalando que nesta situación, algunha das catro administracións sobra, pero que el ten claro que non é a municipal, porque son os que dan os servizos, comen os marróns e a xente lles vai protestar a eles.

**Don Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular,** comeza dirixíndose ao voceiro do grupo socialista para solicitarlle que non se moleste pola súa referencia ao “non é non”, porque sen ir máis lonxe no pleno de hoxe el mesmo se dirixiu aos deputados do Grupo Popular cualificándoos de “prepotentes e que sempre faltamos ao respecto”, e que en todo caso el non ten a culpa de que non se poñan de acordo dentro do seu propio partido. Recalca que se están de acordo todos os que están sentados nesta bancada na discriminación positiva do rural, e que coincide co Grupo Socialista na maior parte do argumentario sobre esta moción. Critica do voceiro socialista que critique ao presidente da Deputación, primeiro por cooperar co concello e logo por non cooperar co concello. Igualmente trouxo ao debate que o presidente Feijó non se preocupaba polo rural, cando esta mañá mesmo se podía ler na prensa que a Xunta aumentou en oito millóns de euros os orzamentos das liñas de axudas para incorporar os mozos ás actividades agrarias, pasando de dezaioito a vinte e seis millóns de euros, e iso é discriminación positiva do rural, a exención pola compravenda de predios rústicos é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

discriminación positiva do rural...que ademais fagan un parque acuático, que por certo xa estaba contemplado no plan termal, amosa que tamén é compatible co investimento na cidade. Diríxese agora ao Sr. Pérez Jácome acusándoo de incoherente, lembrado que o seu compañeiro, o Sr. Ojea, estivo na campaña das autonómicas no concello da Veiga, xa que seguramente o Sr. Pérez Jácome tería mellores cousas que facer, e criticándolle que el esixa da Xunta discriminación positiva coa cidade de Ourense pero non da provincia e do rural, reclamándolle que sexa coherente nas súas formulacións, e que se non cre na discriminación positiva do rural é mellor que se vaia desta cámara. Remata dicindo que van votar en contra polos argumentos expostos.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana,** pecha as intervencións sinalando que no argumentario dos outros grupos hai unha falacia cando din que o concello de Ourense ten máis recursos. Ten máis recursos porque ten que dar máis servizos e a máis poboación, poñendo como exemplo as familias numerosas. Insiste en que a Xunta ten que facer discriminación positiva con Ourense porque a discriminación é salvaxe, e que a causa da situación do rural da provincia non é o investimento na cidade de Ourense, polo que o concello de Ourense non ten que facer discriminación positiva sobre o resto da provincia. O concello non ten unha débeda histórica con resto da provincia, a Xunta de Galicia si, e debe enviarlle a esta provincia parte dos cartos destinados ás outras, é aí onde se está facendo unha falacia de falsa analogía. A Deputación debería destinar os seus cartos aos concellos da provincia, e aí a lei o di, de menos de 20000 habitantes, cousa que non fai, xa que a maior parte do seu orzamento é burocracia. Engade que a quen corresponde reequilibrar os servizos ou os orzamentos dos diferentes concellos é á Xunta de Galicia e non ao concello, que en todo caso os servizos de ámbito supramunicipal, como o pavillón dos Remedios e o Pazo Paco Paz, deben ser xestionados por unha administración de ámbito supramunicipal e que ninguén está loitando máis contra a discriminación desta provincia que Democracia Ourensana, e que esta mensaxe está calando na sociedade ourensá e que como é realidade acabará imponéndose, lembrando que son o partido independente con máis concelleiros nunha capital de provincia de toda España.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1).

### **11º.- MOCIÓN DO BNG DE OPOSICIÓN Á LOMCE E AS SÚAS REVÁLIDAS.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédella a palabra ao BNG para que defenda o seu contido.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, argumenta que a aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con gran oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico. Pero alén doutras consideracións, a inclusión da proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades. Ademais, a nivel pedagóxico, as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

alumnado no seu contexto. Así mesmo, condicionan o labor docente ao encamiñalo á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar. Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo. Por estes motivos, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta. 2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE. 3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país. Engade que onte souberon que a Presidencia do Goberno anunciou que paralizaba a aplicación das reválidas previstas na LOMCE, se ben manteñen a moción nos seus termos ata que non se elimine totalmente esta lei e non simplemente se paralice.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana,** indica que no tema do sistema educativo Democracia Ourensana podería ser un auténtico referente mundial coas súas proposta innovadoras e que el é unha persoa moi apropiada para falar deste asunto, xa que pasou de ser, nun centro moi competitivo como é o de Maristas, en 5º de EXB o único alumno que acertou todas as preguntas nun concurso de preguntas a, tres anos despois, ser o único en suspender as dez materias, polo que debería ser escoitado cando se fala neste asunto. Porén do anterior, sinala que hai un problema, que sendo un debate fascinante e de debate ideolóxico o do sistema educativo, estamos na Deputación e non no Parlamento español, e non temos competencias no dobre sentido da palabra, nin competencias materiais, nin temos que ser competentes, entendidos ou versados neste asunto. Por elo entende que é unha perda de tempo para esta Deputación traer esta moción a debate, xa que o seu foro debe ser o Parlamento español ou galego, e amosa moita vagancia do grupo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

propoñente que prepara a mesma moción en serie, e a presentan en todos os concellos, que vén feita da sede central é que é pura propaganda electoral, e por riba onte anúnciase no Parlamento español que esta lei vai quedar sen efecto, polo que entende que traer esta moción a este foro é un *cachondeo*.

**Don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG-PSOE** sinala que onte aconteceron novidades que se descoñecían cando se ditaminou esta moción na comisión. Desta dí que hai dous puntos que poderían compartir, se ben o asunto das reválidas parece que vai a quedar en suspenso. Coincide en que a Deputación ten as competencias que ten, neste eido moi escasas ou case que ningunha, polo que o obxectivo sería instar á Xunta unicamente, nos termos que se formulan na moción e coas salvidades indicadas. Porén do anterior. entende que procede facer unha pequena reflexión sobre esta asunto, partindo da base de que na lei da ensinanza ten que existir consenso entre todas as forzas políticas, e unha lei de educación non pode depender da vontade do goberno de quenda e ter unha duración mínima de dez ou doce anos. Na LONCE, no seu preámbulo indica que *“o alumno é o centro da educación e que a aprendizaxe na escola debe ir dirixido a formar persoas autónomas, críticas e con pensamento propio, todas as persoas mozas teñen talento e é máis valioso que temos como país”*. O fundamental de calquera país avanzado é o coñecemento e a educación e aquí cada pouco imos dando bandazos. A lei actual no seu momento xa foi moi controvertida e contestada por moitos actores do sistema educativo, só tivo o apoio do grupo Popular na votación nas Cortes Xerais, e lembra que na data 16.05.2013 houbo unha folga xeral contra esta lei.

**Don Manuel Doval Soto, do Grupo Popular,** sinala que estamos a abordar un tema fundamental para a sociedade do país. Sinala que o Grupo Popular vai votar en contra desta moción e que en todo caso aspiran a unha lei que teña polo menos o consenso de quince millóns de votos. Lembra que o seu grupo presentou unha emenda de substitución co seguinte contido: *A práctica totalidade do arco parlamentario a nivel estatal puxo de manifesto a imperiosa necesidade de abordar o tema educativo como un asunto de estado o que fará imprescindible o máximo consenso e diálogo que leve a sacar adiante unha lexislación educativa que de resposta a realidade social na que nos atopamos e que aborde as distintas peculiaridades que conforman un estado autonómico plural. Estamos seguros que froito do diálogo e do consenso, os verdadeiros beneficiados serán en primeiro lugar os*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

*alumnos xunto con toda a comunidade educativa, en definitiva, a sociedade á que nos debemos. Acordo: “Instar ás Cortes Xerais do Estado para que aproben unha iniciativa lexislativa que consolide un pacto de estado en materia de educación que de resposta ás demandas da sociedade española”.* Indica que na comisión o Partido Socialista mandou unha mensaxe non moi distante do exposto e que a lexislación en materia educativa foi sempre mudando en función da cor política do partido do goberno, agardando que desta vez saia unha lei nova ou unha modificación de consenso, que teña en conta as peculiaridades do estado autonómico e plurilingüe, en cuestións como a dispersión da poboación, o transporte escolar etcétera. A sociedade española demanda ese consenso e con esta emenda tratan de recoller a realidade social do país e segue sendo inaceptable o nivel de fracaso escolar que existe hoxe neste país polo que debemos traballar nunha lei de consenso que dure polo menos vinte anos e debemos dedicarlle todo o posible á educación, como algo fundamental na persoa e na sociedade.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, na súa segunda quenda sinala que cando se presentou esta moción aínda non coñecían os plans do futuro goberno, agora explicitados en sede parlamentaria. Parece ser, tal como expresou o candidato á Presidencia do Estado, convenientemente filtrado aos medios dous días antes da convocatoria de mobilizacións, que non haberá reválidas ni en 4.º da ESO nin tampouco en bacharelato. Polo menos, nos termos que se establecen actualmente na Lomce e que fan referencia á necesidade de aprobar os devanditos exames para obter o título correspondente. Sobre como quedarán finalmente estas dúas avaliacións dependerá do resultado das negociacións que realicen no seo dunha subcomisión que se creará ex profeso para elaborar unha nova lei educativa. Fálase de conxelar o calendario de aplicación da lei, durante o tempo que duren os traballos desta subcomisión, aproximadamente entre seis e oito meses, aínda que a lei Wert realmente xa está todo implantado, agás a aprobación da orde que explicita cómo deben realizarse as reválidas e que debería publicarse antes do 30 de novembro. É curioso que a man que se tende por parte do candidato sexa precisamente no día en que a comunidade educativa volveu demostrar a través da folga e as manifestacións o seu rexeitamento a unha lei que foi aprobada unicamente polo Partido Popular. O que para o PP é agora unha gran cesión en busca do diálogo e o consenso, antes foi un dos sinais de identidade durante catro anos de goberno de maioría absoluta, amosando a súa falla de



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

diálogo e acordo a pesar de ter a toda a cámara en contra. Pero esta moción vai máis aló do cuestionamento das reválidas. Para o BNG o prioritario e primeiro paso é derrogar unha lei inxusta, centralista e insolidaria; o segundo, como defende o BNG, impulsar unha lei galega de educación que blinde o ensino público, a gratuidade, o aumento progresivo de recursos ata o 7% do PIB, que estenda a obrigatoriedade ata os 18 anos e estea orientada a unha educación igualitaria. Diríxese agora ao voceiro de Democracia Ourensana para recriminarlle que se fíe da palabra do Sr. Rajoy no tema da suspensión das reválidas e respecto da crítica de que presentan a mesma moción en diferentes administracións indica que iso é posible porque están en todos, e que eles pola contra non o poderían facer. Respecto da emenda á totalidade do Grupo Popular lamenta que, estando de acordo con moitos dos seus argumentos, non se aplicaran todos na aprobación da lei e só se aprobara coa maioría parlamentaria do Partido Popular, sen consenso de ningún tipo co resto das forzas políticas e cos actores do sistema educativo. Engade que con esta emenda pretenden facer “da necesidade virtude” xa que agora que non teñen esa maioría é cando veñen coa necesidade de pacto de estado. Por último reprocha que esa emenda fale das demandas da sociedade española, cando o que se debe atender é ás necesidades da sociedade galega, xa que a lei actual é uniforme para todo o estado e non respecta a súa plurinacionalidade.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, de Democracia Ourensana**, entende que despois de escoitar falar aos tres grupos que levan gobernando toda a democracia, é normal que teñamos os resultados educativos que temos e a taxa de fracaso escolar que temos. Recalca que o debate non se debe estender máis porque a Deputación non ten competencias neste eido. Para rematar, e como exemplo do que é ir noutra onda, pon como exemplo o SAT que en Estados Unidos sería o equivalente ao selectivo ou á reválida e que basicamente é un psicotécnico, para medir realmente a intelixencia e as habilidades do alumnado.

**Don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG-PSOE** continuado coas reflexións sobre este asunto sinala que para que funcione unha lei educativa ten que estar dotada de recursos e que este é un dos problemas que tivo a LOMCE, e que incluso se apoiou máis á educación concertada que á pública. Lembra que non fai moito o ministro socialista Gabilondo fixera un gran traballo neste eido e se chegaran a pactar grandes acordos, pero que naquel intre todos saben o que pasou, que o Partido Popular votou en contra porque viñan as eleccións e isto é o que pasa cando antepomos os intereses partidistas ao interese xeral. Volve

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

incidir na necesidade de consenso e na necesidade de dotación económica máxima, sen ter que acudir a outros sistemas existentes en Europa. Remata dicindo que debe haber acordo entre todos para mudar o sistema educativo, e que el sente certa tristura cando se fala tan alegremente dun asunto tan importante como é o da educación.

**Don Manuel Doval Soto, do Grupo Popular**, volve insistir na necesidade de diálogo e consenso, e como opinión persoal apunta que el non compartía nin esta lei, nin a anterior, nin a anterior da anterior. Sorpréndelle que o BNG non mude de postura, tendo como norte a clara necesidade da implicación de toda a sociedade educativa. Sobre o argumento do voceiro de Democracia Ourensana, en referencia á proba test psicotécnica, replica que el non cree que haxa un test capaz de medir a intelixencia dunha persoa, xa que este non é un dato único, e que el cree que o mellor sistema é o da avaliación continua. Engade que o único que lle quedaba ao presidente en funcións é a paralización, xa que a modificación lle corresponde ao Parlamento, polo que fixo o que podía facer, e que agora o que necesitamos é precisamente o consenso, canto maior mellor. Remata pedindo o voto favorable á súa emenda de substitución.

Na quenda de peche **D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, sinala que o sentido da súa proposta é sobre unha cuestión concreta, unha lei en vigor aprobada en solitario polo PP, sen diálogo con ninguén e esta chamada ao consenso que fan agora houbera estado moi ben naquel intre e non aplicando o rolo. Para rematar lembra que houbo unha mobilización convocada pola confederación galega de nais e pais de alumnos de centros públicos e que lles fixo chegar, como pai con nenos en idade escolar, unha folla informativa dos motivos desta mobilización e que se resume en que se convoca folga xeral contra as reválidas, contra a LOMCE e contra os recortes en educación que atacan o dereito á educación, engadindo que son moitas as proposicións non de lei e as resolucións nos diferentes ámbitos que piden a derogación da LOMCE. Mantén que a súa postura é non aceptar a emenda, á que votarán en contra, e manter a proposta orixinal do seu grupo.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do BNG(1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ás Cortes Xerais do Estado para que aproben unha iniciativa legislativa que consolide un Pacto de Estado en materia de educación que dea resposta ás demandas da sociedade española.

-

**12º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DIRECTOR DO MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que defenda o seu contido:

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular**, dá lectura á seguinte moción: “*A provincia de Ourense ten un patrimonio artístico, arquitectónico e cultural que debemos protexer, potenciar e divulgar. Son innumerables os exemplos de lugares e monumentos de Ourense que poñen en valor a nosa riqueza histórica, etnográfica e paisaxística. A Deputación Provincial de Ourense ostenta a titularidade do conxunto monacal de San Pedro de Rocas, Ben de Interese Cultural dende o ano 1923, integrado no catálogo de monumentos do patrimonio histórico de España. Estamos, sen dúbida, ante o atractivo turístico máis visitado da Ribeira Sacra, razón pola que debemos priorizar calquera actuación que procure ordenar a protección deste emblemático símbolo da nosa provincia de Ourense. En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Deputación de Ourense o seguinte acordo: “Elaborar o Plan Director do Mosteiro de San Pedro de Rocas, establecendo obxectivos de desenvolvemento do mesmo tendo en conta o estado de conservación, as propostas de actuación, usos e demais cuestións que xurdan tecnicamente relevantes”.* Respecto da emenda do PSdeG-PSOE indica que habería que estudar caso por caso, e valorando a proposta e téndoa presente, entende que deben manter a proposta tal e como se presentou polo seu grupo e que no futuro poderían estudarse novas accións.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, apunta que van votar a favor desta proposta e que para o seu grupo non é unha mala decisión. A cuestión non é tanto a elaboración dun plan director, senón como se fai e que é o que entenden por Plan director. O BNG di si, se do que se fala é da elaboración dun plan director integral e multidisciplinar, que inclúa basicamente os elementos paisaxísticos e monumentais e que defina a musealización que hai alí, que é un tanto difusa.

**Don Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourenana**, apunta que tamén van votar a favor desta moción e que este mosteiro ten moita máis transcendencia do que a maioría dos ourensáns poden pensar. Sinala que a este mosteiro, se o tiveran os alemáns ou os americanos, lle sacarían un gran rendemento turístico e, na súa opinión, habería que fomentar o turismo que entende e sabe o que ve, que sabe valorar, porque sabe de historia e de arte. O complexo de San Pedro de Rocas debe ser un dos lugares de maior importancia turística e histórica da provincia se se dá a coñecer, se ben se terían que ter levado a cabo xa moitas máis accións dende que é de titularidade da Deputación, e sen desmerecer en ningún caso ao resto do patrimonio da Ribeira Sacra e da provincia. En canto á emenda do PSOE vanse abster polo mesmo motivo que o indicado polo Grupo Popular, xa que son bens que non son de titularidade provincial, que si están a favor de todo o que sexa potencialos en abstracto pero non entenden ben en que podería consistir ese impulso do plan director.

**Dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista**, puntualiza que o Sr. Doval dixo que San Pedro de Rocas era o monumento que máis visitas recibía da Ribeira Sacra, pero hai dous monumentos, o castelo de Castro Caldelas e Santa Cristina de Parada de Sil, que o superan en número de visitas. Respecto da emenda do seu grupo entenden que non é incompatible coa moción xa que é unha emenda de engádega, para que se promova tamén un plan director en Santa Cristina de Parada de Sil, Santa María de Xunqueira de Espadanedo e Santo Estevo de Ribas de Sil. Estes tres mosteiros deben contar cun plan director onde se fixen as necesidades futuras, e aínda que dous son cesións aos respectivos concellos e outro é de titularidade do estado, iso non debe ser obstáculo para o plan director, se de verdade se cree e hai vontade, sinalando que o propio plan do presidente 15-19 fala do turismo patrimonial. Debe facerse unha verdadeira planificación do patrimonio da provincia orientada ao turismo e á súa conservación. Remata pedindo o apoio a súa emenda de engádega para impulsar os plans directores solicitados.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular,** explica que el quixo dicir que o complexo de San Pedro de Rocas é o máis importante dende o punto de vista do volume do complexo arquitectónico. Respecto ao número de visitantes indica que o de San Pedro de Rocas debe estar entre 50.000 e 100.000, se ben é un dato que non se pode contrastar. Non dixo que se pechara a porta a futuros plans directores, dos que se pode seguir falando. Este é o primeiro paso e espera que coa colaboración de todos o patrimonio, o termalismo, a paisaxe da provincia se poñan en valor como deben.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG,** ao respecto da emenda explica que se van abster, se ben din que postos a ampliar a outros monumentos hai máis que non se poden esquecer e rompe unha lanza polo de Trandeiras, existente no concello de Xinzo e que necesita intervencións urxentes e inmediatas, xa que é unha mágoa o seu estado actual.

**Don Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensna,** apunta que ás veces vemos moitas campañas turísticas dirixidas exclusivamente ás turoperadoras e no caso concreto de San Pedro de Rocas débese potenciar nas universidades e facultades de arte e historia, aos colexios, que é onde estaría o turismo informado, e neste caso concreto deberíase ampliar a potencialidade turística deste monumento nese sentido.

**Dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista,** sinala que se centran nos mosteiros da Ribeira Sacra porque esa é a localización de San Pedro de Rocas, pero en todo caso entende que podería ampliarse a outros monumentos da provincia. Insiste en que se pide o impulso da Deputación, non que asuma a redacción do plan director, pero que o papel da administración provincial debe ser neste caso o de impulsora destes plans.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular,** pecha agradecendo o voto favorable dos diferentes grupos e as achegas feitas no debate e que no futuro se terá en conta a emenda presentada.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1) e de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Popular, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Elaborar o Plan Director do Mosteiro de San Pedro de Rocas, establecendo obxectivos de desenvolvemento deste tendo en conta o estado de conservación, as propostas de actuación, usos e demais cuestións que xurdan tecnicamente relevantes.

**13°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**14°.-DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN TEXTO CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA SOBRE A ÉPOCA E A HISTORIA DAS IRMANDADES DA FALA.**

O Sr. presidente da conta do mencionado decreto.

Os membros da Corporación quedan informados.

**15°.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DELEGACIÓN EN DON PABLO PÉREZ PÉREZ, DEPUTADO PROVINCIAL, TODAS AS FACULTADES DO PRESIDENTE NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA**

O Sr. presidente da conta do mencionado decreto.

Os membros da Corporación quedan informados.

**16°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de setembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de maio e 1º de agosto de 2016.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

- Deputado delegado de Facenda: mes de setembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º de maio, 2º de xuño, 1º de xullo e 1º de agosto de 2016.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de setembro de 2016.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de setembro de 2016 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2016.

Os membros da Corporación quedan informados.

**17º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou por escrito (NRE 31.715), para a súa resposta no Pleno, a seguinte pregunta: *En datas recentes ven de celebrarse, en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, un evento denominado PULPOEXTREME. En relación con esta cuestión queremos preguntas: ¿Existiu algunha colaboración económica ou doutra índole (en cuxo caso cal) da Deputación cos organizadores do evento anteriormente mencionado?*

O Sr. **presidente** responde que non existiu ningún tipo de colaboración con este evento por parte da Deputación.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que vai facer unha mestura, porque hai cousas que se poden preguntar, rogar ou interpelar, porque xa non saben que facer. O Sr. presidente ten secuestrada esta Administración, pasa polo forro as normas máis elementais que teñen os deputados/as para exercer o dereito á información. Anuncia que lle vai dar a última oportunidade ao Sr. presidente (di o da última porque nalgún caso non responder ao que se pregunta foi obxecto de inhabilitación). Dille ao Sr. presidente se lles pensa contestar, con respecto á Volta Ciclista, varias cuestións: cales son os pases vip que se deron, a quen se lle deron, cales son os convenios, se existen ou se non existen, cales son as compensacións que se lles van dar aos concellos xa que agora teñen que pagar a factura que en principio se dicía que era dunha forma e agora é doutra (pon como exemplo o Concello da Arnoia que agora ten que pagar 50.000 euros por ese evento). Pensa que son preguntas fáciles de contestar e se o Sr. presidente non responde será porque ten algo que agochar.

Continúa o Sr. **Gómez Pérez** preguntándolles aos membros da corporación se lembran o debate en relación coa piscina flotante de Laias, no que el dicía que ese sitio non ía cumprir as características necesarias. Lembra tamén que se pediu un informe que custou ao redor de 17.000 euros, polo que roga que a próxima vez lle pidan ao Grupo Socialista que faga o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de outubro de 2016</b>
-----------------------------------------------------------------------

informe e eles lles darán ese diñeiro a ONGs. Pregúntalle o Sr. presidente canto vai custar a maiores que a profundidade do sitio non sexa a adecuada para a piscina.

O **Sr. Gómez Pérez** pregúntalle tamén ao Sr. presidente que cotexou con outras deputacións o que lles custa a administración electrónica, xa que nesta Deputación vai haber un contrato que custa cinco millóns de euros. Pide que se lles explique por qué aquí custa cinco millóns de euros e noutras administracións custa setecentos mil euros. Pensa que iso é algo preocupante.

Continúa preguntando o **Sr. Gómez Pérez** quen paga a sinalización do tan cacarexado Programa Termal e de Ourense Termal. Pregunta isto porque é unha chapuza tan grande que non hai cartos que a soporten. Di isto porque no Concello de Ribadavia hai sinalización dun cruzamento onde se vai a balnearios que están pechados e resulta que cese cruzamento non aparece sinalado o balneario de Prexigueiro, que é o que se ten que sinalar (este é so un exemplo, porque hai moitos máis). En relación con este tema, o portavoz do Grupo Popular en Ribadavia díxolle que era culpa súa, como alcalde, que a sinalización estivese mal, porque non asistira a unha reunión.

O **Sr. presidente** responde que lle contestará por escrito.

E, ás 13.55 horas do día vinte e oito de outubro do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**